

19 as telleiras de VILALONGA (Sanxenxo)

Hai referencias de unha na Rasa, catro na Arnosa, dúas na Fianteira, dúas en Sixtos e unha en Cachadelos. Consérvanse restos dos fornos na Arnosa, e Sixtos e numerosos embarcadoiros e muros que rodean a costa. É probable que houbera moitas máis que foron desaparecendo ao írense construíndo as fábricas.

TELLEIRA DE BLANCO

Situada no lugar de Sixtos (Vilalonga), entre os concellos de Meaño e Sanxenxo, á beira do esteiro do río da Chanca. Ao seu carón, nas instalacións dunha antiga industria cerámica o concello de Sanxenxo construíu o Centro de Interpretación “A Telleira”



1995



1990

TELLEIRA DE CASAL

Situada na illa da Arnosa en Vilalonga. Actualmente só conserva parte das paredes do forno.



2008



2002



2008



Centro de interpretación “A Telleira” nos Sixtos. Á esquerda, entre o mato, a telleira de Blanco

as telleiras de O GROVE



1982

Hai referencias de unha en Ardia e dúas na Toxa, na punta chamada Praia dos Fornos, mirando ao sur. Algunhas testemuñas contan que tiñan chemineas e foron abandonadas hai máis de 90 anos.

TELLEIRA DE ARDIA

Stuada no lugar chamado O Tilleiro, á beira do mar. Foi abandonada hai máis de oitenta anos e o fillo do propietario instalou unha en Castrelo (a de Martínez, no Facho). Na actualidade conserva restos do forno e das casetas.



1992



2008